



OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 05/09/2007 10:31  
Nº Rexistro: 23287  
Data envío: 05/09/2007 10:31:42.707


## Á Mesa do Parlamento

**Bieito Lobeira Domínguez e Ana Belén Pontón Mondelo**, deputado e deputada do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta**, para súa resposta oral en Comisión, relativa ás previsións de futuro do denominado Plano Galego de Acuicultura.

Dezaseis anos de goberno ininterrompido e con maioría absoluta do Partido Popular non foron suficientes para planificar e organizar o sector da piscicultura na Galiza, o seu modelo de inserimento na economía galega, a determinación dos espazos físicos máis idóneos para a súa instalación, ou as condicións de carácter medioambiental máis acaídas para esta actividade. Só no último Consello da Xunta de Galiza –cun goberno en funcións!!- se aproba o denominado “Plano Sectorial de Parques de Tecnoloxía Alimentaria”, que fixaba unha serie de lugares destinados á construción de piscifactorías, moitos dos cales atentaban mesmo contra a insuficiente e limitada Rede Natura 2000 no litoral galego.

O novo Goberno de Galiza, con bo criterio, acordou revisar este plano, suspendendo a súa aplicación, modificando os seus contidos, e abrindo un novo prazo de consulta e alegacións, recentemente rematado.

Este novo proceso rexistrou un importante número de alegacións, concentradas nalgúns proxectos concretos, que cumprirá resolver. É importante, en calquera caso, e á vista da oposición popular xerada nalgúns dos proxectos, propiciar un encontro no que as partes afectadas (concellos, organizacións sindicais, empresas, sector



OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 05/09/2007 10:31  
Nº Rexistro: 23287  
Data envío: 05/09/2007 10:31:42.707

pesqueiro e a propia administración) determinen finalmente a idoneidade dos espazos, tendo en conta as garantías medioambientais previstas en cada caso, e das repercusións na xeración de emprego en cada localización.

Estas son as razóns que levan ao BNG a formular as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

1.<sup>a</sup>) Cantas alegacións foron presentadas ao Plano Galego de Acuicultura?

2.<sup>a</sup>) Existe vontade de negociar a localización dos emprazamentos que xeraron maior oposición popular e mesmo institucional?

3.<sup>a</sup>) Cando se prevé a aprobación definitiva do Plano Galego de Acuicultura?

Santiago de Compostela, 4 de setembro de 2007.

Asdo.: Bieito Lobeira Domínguez

Ana Belén Pontón Mondelo

Deputado e deputada do G.P. do BNG.

**Asinado dixitalmente por:**

**Bieito Lobeira Domínguez na data 05/09/2007 10:30:52**

**Ana Belén Pontón Mondelo na data 05/09/2007 10:30:57**